

**Execución de medidas xudiciais  
previstas na Lei orgánica 5/2000,  
do 12 de xaneiro, reguladora da  
responsabilidade penal dos  
menores**

**Memoria 2023**





XUNTA  
DE GALICIA

Execución de medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Memoria 2023.

Elabora:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Subdirección Xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia. Servizo de Xustiza Penal Xuvenil.

Edita:

Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Santiago de Compostela 2024

<https://libraria.xunta.gal>



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: [https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)  
Maquetación: alamces

# **Execución de medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores**

Memoria 2023



# Índice

<b>Introdución.....</b>	<b>14</b>
<b>1 Medidas notificadas e persoas menores afectadas por esas medidas.....</b>	<b>18</b>
1.1 Medidas notificadas e persoas menores afectadas segundo os xulgados de procedencia. .19	
Gráfico 1. Medidas notificadas polos xulgados no ano 2023.....	20
Gráfico 2. Persoas menores afectadas polas medidas notificadas polos xulgados no ano 2023.....	20
1.2 Cadro comparativo de medidas notificadas durante os últimos cinco anos.....	20
1.3 Porcentaxe da poboación galega (maior de 14 anos e menor de 18) afectada polas medidas notificadas por sexo e xulgado de procedencia/provincia.....	21
1.4 Número de persoas menores afectadas por medidas notificadas e cadro comparativo dos últimos cinco anos. ....	22
Gráfico 3. Persoas menores afectadas por medidas notificadas no ano 2023.....	22
Gráfico 4. Comparativa das persoas menores afectadas por medidas notificadas nos últimos cinco anos segundo sexo .....	23
1.5 Porcentaxe de incremento ou decaemento do número de persoas menores ás que se lle impuxeron as medidas notificadas durante os últimos cinco anos. ....	24
Gráfico 5. Porcentaxe de incremento ou decaemento do número de persoas menores ás que se lle impuxeron as medidas notificadas durante os últimos cinco anos	24
1.6 Persoas menores dadas de alta por primeira vez no sistema informático MENOR <i>versus</i> o número total de menores afectados por medidas notificadas: cadro comparativo dos últimos cinco anos (información desagregada por sexo).....	25
1.7 Medidas notificadas segundo o grao de privación de liberdade (medidas de internamento ou medidas de medio aberto) e xulgado de procedencia.....	26
Gráfico 6. Medidas notificadas segundo o grao de privación de liberdade e xulgado de procedencia no ano 2023 .....	26

1.8	Cadro comparativo das medidas notificadas, segundo o grao de privación de liberdade (medidas de internamento ou medidas de medio aberto) durante os últimos cinco anos.....	27
	Gráfico 7. Comparativa das medidas notificadas segundo o grao de privación de liberdade nos últimos cinco anos.....	27
1.9	Incremento ou decaemento das medidas de internamento e medio aberto notificadas durante os últimos cinco anos.....	28
1.10	Medidas de internamento notificadas segundo o tipo de medida, carácter (preventiva ou firme) e o xulgado de procedencia.....	28
	Gráfico 8. Medidas de internamento notificadas por xulgado de procedencia no ano 2023.....	29
1.11	Medidas de internamento notificadas segundo o tipo de medida e a provincia de xestión.....	29
	Gráfico 9. Medidas de internamento notificadas segundo a provincia de xestión no ano 2023.....	30
1.12	Medidas de medio aberto notificadas segundo o tipo de medida, carácter e o xulgado de procedencia.....	30
	Gráfico 10. Medidas de medio aberto notificadas segundo o xulgado de procedencia no ano 2023.....	31
1.13	Medidas de medio aberto notificadas segundo o tipo de medida e a provincia de xestión.....	32
	Gráfico 11. Medidas de medio aberto notificadas segundo provincia de xestión no ano 2023.....	33
1.14	Medidas notificadas en función da tipoloxía dos delitos dos que derivan as medidas.....	33
<b>2</b>	<b>Medidas en execución e persoas menores que as estiveron executando.....</b>	<b>40</b>
2.1	Medidas en execución segundo a provincia de xestión.....	41
	Gráfico 12. Medidas en execución segundo a provincia de xestión no ano 2023.....	41
2.2	Persoas menores que estiveron executando medidas segundo a provincia de xestión e sexo.....	41
	Gráfico 13. Persoas menores que estiveron executando medidas xudiciais segundo a provincia de xestión no ano 2023.....	42
	Gráfico 14. Persoas menores que estiveron executando medidas xudiciais segundo sexo no ano 2023.....	42
	Gráfico 15. Persoas menores que estiveron executando medidas xudiciais segundo sexo e provincia de xestión no ano 2023.....	42



2.3 Medidas en execución segundo a provincia de xestión e segundo sexan de internamento ou de medio aberto. ....	43
Gráfico 16. Medidas en execución segundo carácter da medida e provincia de xestión no ano 2023.....	43
2.4 Cadro comparativo das medidas en execución durante os últimos cinco anos.....	43
Gráfico 17. Comparativa das medidas en execución durante os últimos cinco anos.....	43
2.5 Cadro comparativo das persoas menores que executaron medidas durante os últimos cinco anos, segundo sexo. ....	44
Gráfico 18. Comparativa das persoas menores que executaron medidas xudiciais durante os últimos cinco anos segundo sexo.....	44
2.6 Cadro comparativo das medidas executadas durante os últimos cinco anos, desagregadas por medidas de internamento e medidas de medio aberto. ....	45
Gráfico 19. Comparativa das medidas executadas segundo o carácter da medida durante os últimos cinco anos .....	45
2.7 Porcentaxe de incremento/decaemento das medidas executadas durante os últimos cinco anos así como das persoas menores que as executaron .....	46
2.8 Cadro comparativo das medidas notificadas fronte executadas durante os últimos cinco anos.....	46
Gráfico 20. Comparativa das medidas notificadas fronte executadas nos últimos cinco anos .....	46
2.9 Medidas de internamento en execución segundo a provincia de xestión, tipo de medida e carácter. ....	47
Gráfico 21. Medidas de internamento en execución segundo a provincia de xestión no ano 2023 .....	48
2.10 Persoas menores que estiveron executando medidas de internamento segundo a provincia de xestión e o sexo. ....	48
Gráfico 22. Persoas menores que estiveron executando medidas de internamento segundo provincia de xestión e sexo no ano 2023.....	48
2.11 Cadro comparativo das persoas menores que executaron medidas de internamento durante os últimos cinco anos, segundo sexo.....	49
Gráfico 23. Comparativa das persoas menores que executaron medidas de internamento nos últimos cinco anos segundo sexo.....	49
2.12 Distribución das medidas de internamento executadas segundo a súa duración. ....	50
Dos internamentos preventivos e firmes .....	50
Das permanencias de fin de semana en centro.....	50

2.13 Recursos para a execución das medidas de internamento .....	50
Recursos existentes no ano 2023.....	50
2.14 Ocupación mensual dos centros de internamento .....	51
Ocupación por meses (datos referidos ao último día de cada mes).....	51
2.15 Cadro comparativo da ocupación mensual dos dous últimos anos .....	51
2.16 Fugas e non retornos .....	52
2.17 Cadro comparativo das fugas e non retornos producidos nos últimos cinco anos.....	52
2.18 Número de faltas cometidas .....	52
Gráfico 24. Número e tipo de faltas no ano 2023.....	52
2.19 Cadro comparativo das faltas cometidas nos últimos cinco anos, segundo a súa tipoloxía (moi graves, graves, leves).....	53
Gráfico 25. Comparativa das faltas cometidas nos últimos cinco anos segundo a súa tipoloxía .....	53
2.20 Medidas de medio aberto en execución segundo a provincia de xestión, tipo de medida e carácter.....	54
Gráfico 26. Medidas de medio aberto en execución segundo provincia de xestión no ano 2023 .....	55
2.21 Persoas menores que estiveron executando medidas de medio aberto segundo a provincia de xestión e sexo.....	55
Gráfico 27. Persoas menores que estiveron executando medidas de medio aberto segundo provincia de xestión e sexo no ano 2023.....	55
2.22 Cadro comparativo das persoas menores que executaron medidas de medio aberto durante os últimos cinco anos, segundo sexo .....	56
Gráfico 28. Comparativa das persoas menores que executaron medidas de medio aberto segundo sexo nos últimos cinco anos .....	56
2.23 Distribución das medidas de medio aberto executadas por tipo, natureza e duración da medida .....	57
Das medidas de medio aberto preventivas .....	57
Das permanencias de fin de semana no domicilio .....	57
Das prestacións en beneficio da comunidade.....	57

Das tarefas socioeducativas .....	57
Doutras medidas de medio aberto .....	58
<b>2.24 Recursos para a execución das medidas de medio aberto.....</b>	<b>59</b>
Recursos existentes no ano 2023.....	59
Entidades privadas e públicas que colaboran na execución das medidas de P.B.C no ano 2023.....	59
Concellos adheridos ao Protocolo xeral do 9/06/2006 entre a Vicepresidencia e a FEGAMP para a colaboración dos concellos na execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade.....	59
<b>3 Medidas pendentes de execución .....</b>	<b>60</b>
<b>3.1 Medidas pendentes de execución segundo a provincia de xestión.....</b>	<b>61</b>
Gráfico 29. Medidas pendentes de execución segundo a provincia de xestión no ano 2023.....	61
<b>3.2 Cadro comparativo das medidas pendentes durante os últimos cinco anos .....</b>	<b>61</b>
Gráfico 30. Comparativa das medidas pendentes durante os últimos cinco anos.....	61
<b>3.3 Medidas de internamento pendentes segundo a provincia de xestión, ano e o tipo de medida .....</b>	<b>62</b>
Gráfico 31. Medidas de internamento pendentes segundo provincia de xestión e ano de notificación .....	63
<b>3.4 Cadro comparativo das medidas de internamento pendentes de execución durante os últimos cinco anos.....</b>	<b>63</b>
Gráfico 32. Evolución das medidas de internamento pendentes de execución durante os últimos cinco anos.....	63
<b>3.5 Medidas de medio aberto pendentes segundo a provincia de xestión, ano e tipo de medida.....</b>	<b>64</b>
Gráfico 33. Medidas de medio aberto pendentes segundo provincia de xestión e ano de notificación .....	65
<b>3.6 Cadro comparativo de medidas de medio aberto pendentes de execución durante os últimos cinco anos.....</b>	<b>65</b>
Gráfico 34. Evolución das medidas de medio aberto pendentes de execución durante os últimos cinco anos.....	65

<b>4 Persoas menores que estiveron executando medidas.....</b>	<b>66</b>
4.1 Persoas menores segundo a idade no momento da comisión do delito, provincia de xestión da medida e sexo.....	67
Gráfico 35. Persoas menores segundo idade no momento da comisión do delito no ano 2023.....	67
4.2 Cadro comparativo dos persoas menores que executaron medidas nos últimos cinco anos segundo a idade no momento da comisión do delito, con desagregación por sexo.....	68
Gráfico 36. Comparativa das persoas menores que executaron medidas segundo a idade no momento da comisión do delito nos últimos cinco anos .....	68
4.3 Persoas menores segundo a idade no momento no que se iniciou a execución da medida e segundo o sexo.....	69
4.4 Cadro comparativo das persoas menores que executaron medidas nos últimos cinco anos segundo a idade no momento do inicio da execución da medida con desagregación por sexo.....	69
4.5 Persoas menores segundo sexo e nacionalidade .....	70
Gráfico 37. Persoas menores segundo nacionalidade no ano 2023.....	70
4.6 Cadro comparativo das persoas menores que executaron medidas durante os últimos cinco anos, segundo nacionalidade.....	71
4.7 Persoas menores segundo sexo e xulgado de procedencia .....	71



## 1 Introducción

A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (en adiante LORRPM), regula a responsabilidade penal das persoas maiores de catorce anos e menores de dezaoto pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código penal ou nas leis penais especiais. Esta lei foi obxecto de desenvolvemento regulamentario en virtude do Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo. As idades indicadas deben entenderse referidas ao momento da comisión do ilícito penal, sen que o feito de superalas no comezo do procedemento ou durante a súa tramitación teña relevancia para os efectos de aplicación da lei.

Trátase dunha norma que pon o acento nas funcións rehabilitadoras e reeducadoras máis que nas sancionadoras. Establece un catálogo de medidas de natureza sancionadora-educativa que, baseado no superior interese da persoa menor, perseguen a integración e a reinserción social dos/as menores que delinquen.

As medidas susceptibles de seren impostas ás persoas menores, de acordo coa normativa reguladora, son as seguintes:

### 1 Medidas privativas de liberdade

- Internamento en réxime pechado. Os/as menores sometidos a esta medida residirán nun centro e desenvolverán neste todas as actividades formativas, educativas, laborais e de ocio. Só poden saír de forma esporádica, logo de autorización xudicial.
- Internamento en réxime semiaberto. As persoas menores sometidas a esta medida residirán nun centro, pero realizarán fóra del actividades formativas, educativas, laborais e de ocio.
- Internamento en réxime aberto. As persoas menores sometidas a esta medida levarán a cabo todas as actividades do proxecto educativo nos servizos normalizados da contorna (colexios, institutos, etc.), e residirán no centro como domicilio habitual, con suxeición ao seu programa e réxime interno.
- Internamento terapéutico en réxime pechado, semiaberto ou aberto. Nos centros desta natureza realízase unha atención educativa especializada ou tratamento específico dirixido ás persoas menores que padezan anomalías ou alteracións psíquicas, un estado de dependencia de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que determinen unha alteración grave da conciencia da realidade. Esta medida poderá aplicarse soa ou como complemento doutra medida. Cando o interesado rexeite un tratamento de deshabitación, o xuíz aplicaralle outra medida adecuada ás súas circunstancias.

- Estas medidas de internamento contarán con dous períodos: o primeiro cumprirse no centro correspondente e o segundo en réxime de liberdade vixiada.
- Permanencia de fin de semana. As persoas menores sometidas a esta medida permanecerán no seu domicilio ou nun centro ata un máximo de trinta e seis horas entre a tarde ou noite do venres e a noite do domingo, a excepción do tempo que deban dedicar ás tarefas socioeducativas fixadas polo/a xuíz que deban levarse a cabo fóra do lugar de permanencia.

## 2 Medidas non privativas de liberdade

- Tratamento ambulatorio. As persoas menores sometidas a esta medida deben asistir ao centro designado coa periodicidade requirida polos facultativos que os atendan e seguir as pautas fixadas para o adecuado tratamento da anomalía ou alteración psíquica, adicción ao consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas ou alteracións na percepción que padezan. Esta medida poderá aplicarse soa ou como complemento doutra medida. Cando o interesado rexeite un tratamento de deshabitación, o xuíz aplicaralle outra medida adecuada ás súas circunstancias.
- Asistencia a un centro de día. As persoas menores sometidas a esta medida residirán no seu enderezo habitual e acudirán a un centro, plenamente integrado na comunidade, a realizar actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de ocio. Estes centros responden ao propósito de proporcionarlle á persoa menor un ambiente estruturado durante boa parte do día, no que se leven a cabo actividades socioeducativas que poidan compensar as carencias do seu ambiente familiar.
- Liberdade vixiada. Nesta medida a persoa menor está sometida, durante o tempo establecido na sentenza, a un seguimento da súa actividade, da súa asistencia á escola, centro de formación ou lugar de traballo, segundo os casos, procurando que adquira as habilidades, capacidades e actitudes necesarias que lle permitan superar os factores que determinaron a infracción cometida. A persoa sometida a esta medida queda obrigada a manter co profesional responsable da execución as entrevistas establecidas e a cumprir as regras de conduta impostas polo xuíz na sentenza.
- Prohibición de aproximarse ou comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz. Esta medida impedirá á persoa menor achegarse ás persoas mencionadas, en calquera lugar onde estean, así como ao seu domicilio, centro docente, lugares de traballo e calquera outro que sexa frecuentado por eles. A prohibición de comunicarse coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que

determine o xuíz ou tribunal, impedirá ao/á menor establecer con elas, por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual. Se esta medida implica a imposibilidade da persoa menor de continuar vivindo cos seus pais, titores ou gardadores, o Ministerio Fiscal deberá remitir testemuña dos particulares á entidade pública de protección do menor, e a dita entidade deberá promover as medidas de protección adecuadas ás circunstancias da persoa menor, conforme o disposto na Lei orgánica 1/1996.

- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo. A persoa menor sometida a esta medida debe convivir, durante o período de tempo establecido polo xuíz, con outra persoa, cunha familia distinta á propia ou cun grupo educativo, adecuadamente seleccionados para orientar a persoa menor no seu proceso de socialización.
- Prestacións en beneficio da comunidade. A persoa menor sometida a esta medida, que non se poderá impoñer sen contar co seu consentimento, realizará as actividades non retribuídas que se lle indiquen, de interese social ou en beneficio de persoas en situación de precariedade. Procúrase relacionar a natureza das ditas actividades coa do ben xurídico lesionado.
- Realización de tarefas socioeducativas. A persoa menor sometida a esta medida debe levar a cabo actividades específicas de contido educativo encamiñadas a facilitarlle o desenvolvemento da súa competencia social.
- Amoestación. Esta medida consiste na reprensión do/a menor levada a cabo polo xulgado de menores e dirixida a facerlle comprender a gravidade dos feitos cometidos e as consecuencias que estes tiveron ou poderían ter tido, instándoo a non volver a cometer tales feitos no futuro.
- Privación do permiso de conducir ciclomotores ou vehículos de motor, ou do dereito a obtelo, ou das licenzas administrativas para caza ou para uso de calquera tipo de armas. Esta medida poderase impoñer como accesoria cando o delito ou falta se cometese utilizando un ciclomotor ou un vehículo de motor, ou unha arma.
- Inhabilitación absoluta. Esta medida produce a privación definitiva de todas as honras, empregos e cargos públicos sobre o que recaese, así como a incapacidade para obtelos, estes ou calquera outro e a de ser elixido/a para cargo público durante o tempo da medida.

As/os xuíces de menores son competentes en primeira instancia para coñecer os feitos delituosos cometidos por menores e para resolver a responsabilidade civil derivada da comisión de ilícitos penais, e teñen o control da execución das medidas previstas na lei. Porén, o artigo 45 da LORPM establece que lles corresponde ás comunidades autónomas a competencia para a execución das medidas impostas polos xulgados de menores. Estas medidas levaranse a cabo, de acordo coas respectivas normas de organización, mediante a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas



previstas. Para estes efectos, a Comunidade Autónoma poderá establecer os correspondentes convenios ou acordos de colaboración con outras entidades, ben sexan públicas, da Administración do Estado, local ou doutras comunidades autónomas, ou privadas sen ánimo de lucro, baixo a súa directa supervisión e sen que iso supoña en ningún caso cesión da titularidade e da responsabilidade derivada da dita execución.

Na Comunidade Autónoma Galega, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano que, en desenvolvemento das previsións legais anteriormente mencionadas, ten encomendada a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na LORRPM, segundo se recolle no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Política Social e Xuventude.

O exercicio desta competencia organízase a través de dous grandes programas: o Programa de execución de medidas de internamento, no cal se xestionan as medidas privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, e o Programa de execución de medidas de medio aberto, no cal se xestionan as que non teñen tal carácter.

Esta memoria recolle os datos estatísticos de execución relativos ao ano 2023 e preséntase dividida en seis bloques:

**O primeiro bloque**, «Medidas notificadas e persoas menores afectadas por esas medidas», Proporciona información sobre o número total de medidas notificadas que tiveron entrada na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica durante o ano 2023 xa fosen remitidas polos xulgados de menores de Galicia ou por outros xulgados de menores do resto do Estado, así como do número de persoas menores afectadas e as infraccións penais que cometeron.

**O segundo bloque**, «Medidas en execución e persoas menores que as estiveron executando», recolle o volume de traballo efectivo realizado durante o ano 2023 para a execución das medidas, tanto de internamento coma de medio aberto. Faise referencia ao número de medidas executadas así como ao número de persoas menores afectadas. Enténdese por medidas en execución as executadas durante ese ano, tanto se se iniciaron neste coma noutro anterior. Indícanse así mesmo, os recursos empregados e o índice de ocupación dos centros de internamento.

**O terceiro bloque**, «Medidas pendentes de execución», constitúe o volume de medidas xudiciais que, logo de seren notificadas polos xulgados, están pendentes de execución.

**O cuarto bloque**, «Persoas menores que estiveron executando medidas», ofrece unha visión de conxunto sobre as persoas menores que estiveron executando medidas xudiciais durante este ano.

## 1 Medidas notificadas e persoas menores afectadas por esas medidas.



## 1.1 Medidas notificadas e persoas menores afectadas segundo os xulgados de procedencia

	Medidas notificadas		Persoas menores afectadas polas medidas notificadas	
	N	%	N	%
A Coruña	403	48,03 %	246	48,23 %
Lugo	97	11,56 %	54	10,59 %
Ourense	94	11,20 %	49	9,61 %
Pontevedra	228	27,18 %	145	28,43 %
Outros	17	2,03 %	16	3,14 %
Suma...	<b>839</b>	<b>100 %</b>	<b>510</b>	<b>100 %</b>
Total...	<b>839</b>		<b>501 *</b>	

\* A suma total de persoas menores afectadas polas medidas notificadas é 510. Sen embargo nº real de menores afectados polas medidas notificadas é de 501. Isto débese a que hai menores que están afectados por medidas de diferentes xulgados.

**Medidas notificadas:** medidas recollidas na parte dispositiva das resolucións xudiciais ditadas polos xulgados de menores remitidas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. As liberdades vixiadas que conforman o 2º período dos internamentos foron computadas como medidas con entidade propia xa que para efectos de execución son medidas distintas.

**Persoas menores afectadas:** Persoas menores ás que se lle impuxeron medidas.

- No ano 2023 impuxéronse 839 medidas que afectaron 501 menores, 94 mulleres e 407 homes (18,76% e 81,24% respectivamente).
- O Xulgado de Menores da Coruña foi o que máis medidas notificou (48,03%), seguido de Pontevedra (27,18%).
- As medidas notificadas polos Xulgados de Menores de Lugo e Ourense supuxeron o 22,77%.

Gráfico 1. Medidas notificadas polos xulgados no ano 2023.





Gráfico 2. Persoas menores afectadas polas medidas notificadas polos xulgados no ano 2023.



## 1.2 Cadro comparativo de medidas notificadas durante os últimos cinco anos

	2019	2020	2021	2022	2023
Nº de medidas notificadas	1.188	785	796	729	839
	Incremento 2019	Decremento 2020	Incremento 2021	Decremento 2022	Incremento 2023
Incremento/decaemento das medidas en relación co ano anterior	44,88 %	-33,92 %	1,40 %	-8,42 %	15,09 %

### 1.3 Porcentaxe da poboación galega (maior de 14 anos e menor de 18) afectada polas medidas notificadas por sexo e xulgado de procedencia/provincia

		14 anos	15 anos	16 anos	17 anos	Total
A Coruña	Homes	5.422	5.065	5.061	5.050	20.598
	Mulleres	5.073	4.795	4.791	4.877	19.536
	<b>Total</b>	<b>10.495</b>	<b>9.860</b>	<b>9.852</b>	<b>9.927</b>	<b>40.134</b>
Lugo	Homes	1.251	1.211	1.221	1.216	4.899
	Mulleres	1.206	1.225	1.094	1.155	4.680
	<b>Total</b>	<b>2.457</b>	<b>2.436</b>	<b>2.315</b>	<b>2.371</b>	<b>9.579</b>
Ourense	Homes	1.227	1.153	1.191	1.144	4.715
	Mulleres	1.208	1.158	1.148	1.102	4.616
	<b>Total</b>	<b>2.435</b>	<b>2.311</b>	<b>2.339</b>	<b>2.246</b>	<b>9.331</b>
Pontevedra	Homes	4.941	4.683	4.652	4.596	18.872
	Mulleres	4.629	4.375	4.398	4.407	17.809
	<b>Total</b>	<b>9.570</b>	<b>9.058</b>	<b>9.050</b>	<b>9.003</b>	<b>36.681</b>
<b>Total</b>	Homes	<b>12.841</b>	<b>12.112</b>	<b>12.125</b>	<b>12.006</b>	<b>49.084</b>
	Mulleres	<b>12.116</b>	<b>11.553</b>	<b>11.431</b>	<b>11.541</b>	<b>46.641</b>
	<b>Total</b>	<b>24.957</b>	<b>23.665</b>	<b>23.556</b>	<b>23.547</b>	<b>95.725</b>

		Poboación (14-17 anos)	Persoas menores afectadas por medidas notificadas	% de persoas menores afectadas
A Coruña	Homes	20.598	215	1,04 %
	Mulleres	19.536	31	0,16 %
	<b>Total</b>	<b>40.134</b>	<b>246</b>	<b>0,61 %</b>
Lugo	Homes	4.899	44	0,90 %
	Mulleres	4.680	10	0,21 %
	<b>Total</b>	<b>9.579</b>	<b>54</b>	<b>0,56 %</b>
Ourense	Homes	4.715	35	0,74 %
	Mulleres	4.616	14	0,30 %
	<b>Total</b>	<b>9.331</b>	<b>49</b>	<b>0,53 %</b>

Pontevedra	Homes	18.872	109	0,58 %
	Mulleres	17.809	36	0,20 %
	<b>Total</b>	<b>36.681</b>	<b>145</b>	<b>0,40 %</b>
<b>Total</b>	Homes	49.084	403	0,82 %
	Mulleres	46.641	91	0,20 %
	<b>Total</b>	<b>95.725</b>	<b>494*</b>	<b>0,52 %</b>

Nota.- A poboación de cada provincia relaciónase cos menores aos que lle foron impostas medidas polo xulgado da dita provincia.


\* O nº total de menores non coincide co nº de menores dos que se recibiron medidas. Isto débese a que tamén se recibiron medidas impostas por xulgados de menores de fóra de Galicia.

#### 1.4 Número de persoas menores afectadas por medidas notificadas e cadro comparativo dos últimos cinco anos

	Nº de menores 2023	% de menores
Homes	407	81,24 %
Mulleres	94	18,76 %
<b>Total</b>	<b>501</b>	<b>100%</b>

- O número de homes aos que se lles impuxo medidas xudiciais é moi superior ao de mulleres, cunha porcentaxe do 81,24 % fronte ao 18,76 % de mulleres (proporción aproximada 4:1). Neste cadro contabilízanse tamén os menores afectados por medidas impostas por xulgados de menores de fora de Galicia.


Gráfico 3. Persoas menores afectadas por medidas notificadas no ano 2023.



Cadro comparativo dos últimos cinco anos.

		Poboación de Galicia (14-17 anos)	Persoas menores afectadas por medidas notificadas (polos xulgados de menores de Galicia)	% de persoas menores afectadas
2019	Homes	45.187	472	1,04 %
	Mulleres	42.703	157	0,37 %
	<b>Total</b>	<b>87.890</b>	<b>629</b>	<b>0,72 %</b>
2020	Homes	46.033	392	0,85 %
	Mulleres	43.711	119	0,27 %
	<b>Total</b>	<b>89.744</b>	<b>511</b>	<b>0,57 %</b>
2021	Homes	46.943	360	0,77 %
	Mulleres	44.564	106	0,24 %
	<b>Total</b>	<b>91.507</b>	<b>466</b>	<b>0,51 %</b>
2022	Homes	47.476	331	0,70 %
	Mulleres	45.081	100	0,22 %
	<b>Total</b>	<b>92.557</b>	<b>431</b>	<b>0,47 %</b>
2023	Homes	49.084	403	0,82 %
	Mulleres	46.641	91	0,20 %
	<b>Total</b>	<b>95.725</b>	<b>494</b>	<b>0,52 %</b>


Gráfico 4. Comparativa das persoas menores afectadas por medidas notificadas nos últimos cinco anos segundo sexo.



### 1.5 Porcentaxe de incremento ou decaemento do número de persoas menores ás que se lle impuxeron as medidas notificadas durante os últimos cinco anos

	2019	2020	2021	2022	2023
Persoas menores afectadas por medidas notificadas	629	511	473	442	501
% de incremento/decremento	188 42,63 %	-118 -18,76 %	-38 -7,44 %	-31 -6,55 %	59 13,35 %

Gráfico 5. Porcentaxe de incremento ou decaemento do número de persoas menores ás que se lle impuxeron as medidas notificadas durante os últimos cinco anos.





## 1.6 Persoas menores dadas de alta por primeira vez no sistema informático MENOR *versus* o número total de menores afectados por medidas notificadas: cadro comparativo dos últimos cinco anos (información desagregada por sexo)

No seguinte cadro recóllese o número de persoas menores dadas de alta por primeira vez na aplicación MENOR da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (no apartado correspondente a xustiza penal xuvenil) en relación co número total de persoas menores afectadas por medidas notificadas desde o ano 2019 ata o ano 2023.


		Nº total de menores afectados por medidas notificadas	Nº de menores dados de alta por 1ª vez aplicación Xestión de Menores Infractores/ MENOR	
2019	Homes	470	336	71,49%
	Mulleres	159	122	76,73%
	<b>Total</b>	<b>629</b>	<b>458</b>	<b>72,81%</b>
2020	Homes	392	258	65,82%
	Mulleres	119	84	70,59%
	<b>Total</b>	<b>511</b>	<b>342</b>	<b>66,93%</b>
2021	Homes	365	260	71,23%
	Mulleres	108	78	72,22%
	<b>Total</b>	<b>473</b>	<b>338</b>	<b>71,46%</b>
2022	Homes	339	247	72,86%
	Mulleres	103	79	76,70%
	<b>Total</b>	<b>442</b>	<b>326</b>	<b>73,76%</b>
2023	Homes	407	301	73,96%
	Mulleres	94	77	81,91%
	<b>Total</b>	<b>501</b>	<b>378</b>	<b>75,45%</b>

## 1.7 Medidas notificadas segundo o grao de privación de liberdade (medidas de internamento ou medidas de medio aberto) e xulgado de procedencia

Medida/xulgado	Medidas de internamento	Medidas de medio aberto	Total
A Coruña	77	326	403
Lugo	24	73	97
Ourense	15	79	94
Pontevedra	30	198	228
Total Galicia	146	676	822
Outros	2	15	17
<b>Total</b>	<b>148</b>	<b>691</b>	<b>839</b>
% das medidas	17,64%	82,36%	100%

Das 839 medidas notificadas durante o ano 2023, 148 corresponderon a internamentos (17,64 % do total de medidas notificadas) e 691 a medidas de medio aberto (82,36 % do total de medidas notificadas).


Gráfico 6. Medidas notificadas segundo o grao de privación de liberdade e xulgado de procedencia no ano 2023.



### 1.8 Cadro comparativo das medidas notificadas, segundo o grao de privación de liberdade (medidas de internamento ou medidas de medio aberto) durante os últimos cinco anos

	Medidas de internamento		Medidas de medio aberto		Total
	Medidas	%	Medidas	%	
2019	238	20,03 %	950	79,97 %	1.188
2020	141	17,96 %	644	82,04 %	785
2021	119	14,95 %	677	85,05 %	796
2022	118	16,19 %	611	83,81 %	729
2023	148	17,64 %	691	82,36 %	839

Gráfico 7. Comparativa das medidas notificadas segundo o grao de privación de liberdade nos últimos cinco anos.



### 1.9 Incremento ou decaemento das medidas de internamento e medio aberto notificadas durante os últimos cinco anos

	Medidas de internamento		Medidas de medio aberto		Total
	Medidas	% de incremento/ decremento	Medidas	% de incremento/ decremento	
2019	238	25,26 %	950	50,79 %	44,88 %
2020	141	-40,76 %	644	-32,21 %	-33,92 %
2021	119	-15,60 %	677	5,12 %	1,40 %
2022	118	-0,84 %	611	-9,75 %	-8,42 %
2023	148	25,42 %	691	13,09 %	15,09 %

No ano 2023 produciuse un incremento do 15,09 % no número total de medidas xudiciais notificadas con respecto ao ano 2022.

### 1.10 Medidas de internamento notificadas segundo o tipo de medida, carácter (preventiva ou firme) e o xulgado de procedencia


Medida / Xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
I. Pechado preventivo	2	1	0	0	0	3
I. Semiaberto preventivo	14	2	2	2	0	20
I. Aberto preventivo	0	0	0	0	0	0
I. Terapéutico pechado preventivo	0	1	0	0	0	1
I. Terapéutico semiaberto preventivo	6	3	0	3	0	12
I. Terapéutico aberto preventivo	0	0	0	0	0	0
<b>Total internamentos preventivos</b>	<b>22</b>	<b>7</b>	<b>2</b>	<b>5</b>	<b>0</b>	<b>36</b>

Medida / xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
I. Pechado	3	0	1	2	0	6
I. Semiaberto	37	8	2	14	2	63
I. Aberto	2	0	1	0	0	3
Permanencia f/s en centro	2	0	5	1	0	8
I. Terapéutico pechado	3	0	0	0	0	3

I. Terapéutico semiaberto	8	9	4	8	0	29
I. Terapéutico aberto	0	0	0	0	0	0
<b>Total internamento con sentenza firme</b>	<b>55</b>	<b>17</b>	<b>13</b>	<b>25</b>	<b>2</b>	<b>112</b>
<b>Total internamentos preventivos e firmes</b>	<b>77</b>	<b>24</b>	<b>15</b>	<b>30</b>	<b>2</b>	<b>148</b>
	<b>52,03%</b>	<b>16,22%</b>	<b>10,13%</b>	<b>20,27%</b>	<b>1,35%</b>	<b>100%</b>

Gráfico 8. Medidas de internamento notificadas por xulgado de procedencia no ano 2023.




### 1.11 Medidas de internamento notificadas segundo o tipo de medida e a provincia de xestión

Medida / provincia xestión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
I. Pechado preventivo	2	1	0	0	3
I. Semiaberto preventivo	15	0	2	3	20
I. aberto preventivo	0	0	0	0	0
I.Terapéutico pechado preventivo	0	1	0	0	1
I. Terapéutico semiaberto preventivo	8	1	0	3	12
I. Terapéutico aberto preventivo	0	0	0	0	0
<b>Total internamentos preventivos</b>	<b>25</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>36</b>

Medida / provincia xestión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
I. Pechado	4	0	0	2	6
I. Semiaberto	41	4	2	16	63
I. Aberto	2	0	1	0	3
Permanencia f/s en centro	2	0	5	1	8
I. Terapéutico pechado	3	0	0	0	3
I. Terapéutico semiaberto	12	4	5	8	29
I. Terapéutico aberto	0	0	0	0	0
<b>Total internamentos con sentenza firme</b>	<b>64</b>	<b>8</b>	<b>13</b>	<b>27</b>	<b>112</b>
<b>Total internamentos preventivos e firmes</b>	<b>89</b>	<b>11</b>	<b>15</b>	<b>33</b>	<b>148</b>
	<b>60,14%</b>	<b>7,43%</b>	<b>10,14%</b>	<b>22,29%</b>	<b>100%</b>

Gráfico 9. Medidas de internamento notificadas segundo a provincia de xestión no ano 2023.




### 1.12 Medidas de medio aberto notificadas segundo o tipo de medida, carácter e o xulgado de procedencia

Medida / xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
Liberdade vixiada preventiva	1	0	2	0	1	4
Prohibición de aproximarse ou comunicarse preventiva	13	1	1	2	0	17
<b>Total medidas preventivas</b>	<b>14</b>	<b>1</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>21</b>

Medida / xulgado	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Outros	Total
Liberdade vixiada 2º período	46	21	6	19	0	92
Liberdade vixiada	154	45	39	88	9	335
Convivencia con outra persoa...	2	0	0	2	0	4
Asistencia a centro de día	1	0	0	3	0	4
Permanencia f/s no domicilio	0	0	0	0	0	0
Tratamento ambulatorio	16	1	6	6	0	29
P.B.C.	9	0	6	10	1	26
Tarefas socioeducativas	72	2	16	51	4	145
Prohibición de aproximarse ou comunicarse	12	3	3	10	0	28
Amoestación	0	0	0	6	0	6
Privación permiso de conducir ou de armas	0	0	0	1	0	1
Inhabilitación absoluta	0	0	0	0	0	0
<b>Total M. A. con sentenza firme</b>	<b>312</b>	<b>72</b>	<b>76</b>	<b>196</b>	<b>14</b>	<b>670</b>
<b>Total medidas medio aberto preventivas e firmes</b>	<b>326</b>	<b>73</b>	<b>79</b>	<b>198</b>	<b>15</b>	<b>691</b>
	<b>47,18%</b>	<b>10,56%</b>	<b>11,43%</b>	<b>28,65%</b>	<b>2,17%</b>	<b>100%</b>

Gráfico 10. Medidas de medio aberto notificadas segundo o xulgado de procedencia no ano 2023.




## 1.13 Medidas de medio aberto notificadas segundo o tipo de medida e a provincia de xestión

Medida / provincia xestión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Liberdade vixiada preventiva	1	0	3	0	4
Prohibición de aproximarse ou comunicarse preventiva	13	1	1	2	17
<b>Total medidas preventivas</b>	<b>14</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>21</b>
Medida / provincia xestión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Liberdade vixiada 2º período	53	9	8	22	92
Liberdade vixiada	160	44	42	89	335
Convivencia con outra persoa....	2	0	0	2	4
Asistencia a centro de día	1	0	0	3	4
Permanencia f/s no domicilio	0	0	0	0	0
Tratamento ambulatorio	16	2	6	5	29
P.B.C.	9	0	8	9	26
Tarefas socieducativas	65	5	19	56	145
Prohibición de aproximarse ou comunicarse	12	3	3	10	28
Amoestación	0	0	0	6	6
